

ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 24 DE OUTUBRO DE 2011

Sres. Asistentes :

ALCALDE-PRESIDENTE

D. TOMÁS JAVIER FOLE DÍAZ

CONCELLEIROS

DONA MARTA RODRÍGUEZ ARIAS
D. MANUEL A. TARRÍO FERNÁNDEZ
DONA ROCÍO ANA LLOVO DEL RÍO
D. LUIS GARRIGOS VILLALBA
DONA MARÍA ELENA SUÁREZ SARMIENTO
D. ANTONIO CARBALLO BRIANES
D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ
DONA FLORA M^a A. RODRIGUEZ BARREIRO
D. JOSÉ MANUEL PARDAL GARCÍA
D. MANUEL RODRÍGUEZ CUERVO
DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA SUSANA CAMIÑO PÉREZ
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. XOSÉ CASTRO RATÓN
DONA ANA I. LORENZO FRAGA
D. XURXO C. ABUÍN RODRÍGUEZ
D. JUAN M. FAJARDO RECOUSO

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as trece horas e trinta minutos do día 24 de outubro de 2011, baixo a Presidencia de D. TOMÁS JAVIER FOLE DÍAZ, e coa asistencia da Secretaria DONA ROSA LOSADA SUÁREZ, reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Extraordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día do seguinte xeito:

Asunto único: Celebración de sorteo para designación de Presidentes e Vocais das Mesas Electorais que se constituirán o día 20 de novembro de 2011 con motivo das Eleccións Xerais.

ASUNTO ÚNICO: CELEBRACIÓN DE SORTEO PARA DESIGNACIÓN DE PRESIDENTES E VOCAIS DAS MESAS ELECTORAIS QUE SE CONSTITUIRÁN O DÍA 20 DE NOVIEMBRE DE 2011 CON MOTIVO DAS ELECCIÓNS XERAIS.- Dáse conta da Proposta da Alcaldía do teor seguinte:

O próximo día 20 de novembro de 2011 celébranse as Eleccións Xerais 2011, polo que se fai preciso realizar un sorteo público para a designación dos membros de Mesas Electorais.

A tal fin o artigo 26 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, 5/1985, de 19 de xuño, modificada pola Lei Orgánica 2/2011, de 28 de xaneiro, establece o seguinte:

"O/A Presidente/a e os/as vocais de cada Mesa son designados/as por sorteo público entre a totalidade das persoas incluídas na lista de electores da Mesa correspondente, que saiban ler e escribir e sexan menores de setenta anos, se ben a partir dos sesenta e cinco anos poderán manifestar a súa renuncia no prazo de sete días.

O/A Presidente/a deberá ter o título de Bacharelato ou o de Formación Profesional de segundo Grao, ou subsidiariamente o de Graduado Escolar ou equivalente.

Da mesma forma procédese ó nomeamento de dous suplentes para cada un dos membros da Mesa"

Por iso, esta Alcaldía ven en propoñer ó Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

Que a través do programa informático adquirido á empresa WURT S.L., e denominado WINTASK ELECCIÓNS, se leve a cabo polos funcionarios municipais encargados de tal labor este sorteo para a designación do presidente, vocais e suplentes de cada mesa electoral, para o que se procederá a

realizar un exemplo e unha demostración do devandito sorteo ante os membros da Corporación Municipal.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos/as Sres/as. Concelleiros/as presentes (19 de 21 que conforman o pleno)

ACÓRDASE: Aprobar a Proposta da Alcaldía, tal e como se describe nos antecedentes deste acordo.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde, levántase a sesión, sendo as trece horas e quince minutos, da que se estende a presente acta, e eu como Secretaria dou fe.